

REGULAMENTO DO TRABALLO FIN DE MASTER EN DIRECCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS NA NATUREZA

(Aprobado polo Consello de Goberno o 28 de setembro de 2018)

Introdución

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro (modificado polo Real Decreto 861/2010), establece a regulación dos traballos de fin de grao e fin de master.

En relación ao Traballo de Fin de Master (en adiante TFM), sinala no art. 15 que “2. *Os plans de estudos conducentes á obtención dos títulos de máster universitario terán entre 60 e 120 créditos, que conterán toda a formación teórica e práctica que o estudante deba adquirir: materias obrigatorias, materias optativas, seminarios, prácticas externas, traballos dirixidos, traballo de fin de máster, actividades de avaliación, e outras que resulten necesarias segundo as características propias de cada título.(.....)* 3. *Estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa pública dun traballo de fin de máster, que terá entre 6 e 30 créditos.*”

O máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza é un título de carácter oficial (BOE do 26 de marzo de 2012), autorizado pola Xunta de Galicia con data 15 de decembro de 2011 (DOG do 3 de xaneiro de 2012). Conforme se indica na Memoria do título, o TFM deste máster relaciónase directamente coa competencia xeral terceira que sinala que os estudantes saberán comunicar conclusións e as razóns últimas que sustentan os coñecementos expostos a públicos especializados en non especializados, dun modo claro, sen ambigüidades e cos requisitos esixibles a todo traballo científico, e que o resto das actividades non presenciais da materia gardarán relación co proxecto que cada estudante decida realizar, e que, polo tanto, as actividades e a súa relación co resto das competencias xerais e específicas poden variar en función das características de cada proxecto concreto.

Correspóndelle á Comisión Académica propor e modificar no seu caso a normativa pola que se deben rexer os Traballos Fin de Máster conforme o *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos TFG e TFM na USC*, aprobado polo Consello de Goberno o 10 de marzo de 2016. Por conseguinte, apróbase este regulamento con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Facultade e polo Consello de Goberno da USC.

Capítulo I: Natureza do Traballo Fin de Máster

1º.- O TFM en Dirección de Actividades Educativas na Natureza consistirá na elaboración por parte do estudante, de forma individual ou en grupo, dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos realizados na titulación. Todos os TFM incluírán, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración da información, elaboración de resultados relevantes, redacción, e presentación e defensa do traballo. Estarán orientados á avaliación das competencias asociadas á titulación como: capacitar para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes no ámbito e tema elixido, recomendándose que sexan aplicados a un contexto real e a unha situación concreta. Estimarase a capacidade para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas destacados de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e que facilite o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo en relación coas metas do título.

2º.- Os TFM poderán formar parte dos programas e proxectos de investigación e formación dos distintos profesores do máster e dispoñerse para equipos de traballo con funcións delimitadas. A Comisión Académica aprobará esta modalidade de proxectos coordinados, despois de escoitar ao profesorado implicado e constatar que exista unha clara delimitación de tarefas entre os membros do grupo, de xeito que sexa perfectamente avaliable a participación de cada estudante no resultado global. A cualificación e o título do traballo será sempre individual para cada estudante.

3º.- Os TFM desenvolveranse baixo a supervisión dun ou máis titores académicos. A elección dos titores por parte dos estudantes realizarase tendo en conta a nota media que figura no expediente de acceso do alumnado, así como a capacidade docente do profesorado, de acordo co indicado nas propostas de POD efectuadas polos departamentos. Os detalles do proceso de elección de titores serán determinados pola Comisión Académica.

4º.- Os alumnos e alumnas terán que presentar ante o coordinador ou coordinadora, ou membro da Comisión Académica que se designe, un esquema do proxecto de TFM que será examinado e, no seu caso, aprobado por dita Comisión, que poderá manifestarse sobre a súa viabilidade e pertinencia. O rexeitamento dun tema por parte da Comisión requirirá a audiencia previa do titor ou titora correspondente.

5º.- O traballo presentado será coherente co esforzo que se contempla no plan de estudos para esta finalidade: 6 créditos que garanten unha dedicación ao TFM de 150 horas. A efectos de avaliación, o TFM será considerado como un estudo que inicia na actividade investigadora e a práctica profesional. Neste senso pode ser desenvolvido en relación coa actividade que o alumnado realiza no Prácticum da titulación.

6º.- A redacción do traballo informe deberá ter unha extensión máxima de 35 páxinas, coas especificacións que se indiquen na guía docente da materia.

7º.- O traballo constará como mínimo das seguintes partes.

- Unha introdución, na que quede explícito cal é o problema que se quere indagar, os obxectivos, preguntas ou hipóteses e a metodoloxía de traballo empregada.

- Unha fundamentación teórica e metodolóxica, na que se poda observar o coñecemento do estado da cuestión, as fontes, o marco intelectual e o modelo de traballo utilizado.

- O desenvolvemento ou estudo dunha experiencia, que pode ser unha achega bibliográfica e documental, estudo de casos, indagacións empíricas, investigación-acción ou outros tipos de traballos, pero sempre en relación ao desenvolvemento das competencias esixibles na titulación.

- Un apartado de conclusións, que incluírá unha reflexión sobre os resultados e unha valoración crítica do propio proceso de estudo e investigación.

- Unha relación das fontes bibliográficas e documentais utilizadas.

Recoméndase engadir un resumo ou *abstract* en galego, castelán e inglés ou francés non superior a 200 palabras.

8º.- A guía docente do TFM poderá establecer as condicións concretas de redacción e desenvolvemento de prazos e actividades en cada curso académico.

Capítulo II: A xestión da Comisión Académica con respecto ao Traballo Fin de Máster

9º.- A Comisión Académica é a encargada de xestionar a organización desta materia, tendo as seguintes atribucións:

- Propoñer anualmente a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación para o curso académico de que se trate.
- Establecer a convocatoria anual de traballos nas tres oportunidades.
- Determinar os sistemas de titorización.
- Aprobar a proposta das liñas temáticas e temas, previa consulta aos departamentos con docencia no título.
- Establecer e publicar un procedemento para a asignación dos titores ou titoras e os temas que poderán desenvolverse na elaboración do TFM.
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor ou titora asignado, derivada de situacións excepcionais, previa consulta aos departamentos afectados.
- Fixar as características dos TFM (extensión, formato, contido mínimo,...) ou autorizar normas que non estean fixadas neste Regulamento.
- Aprobar os tribunais de avaliación.
- Autorizar a presentación dos TFM en casos excepcionais.
- Propor os prazos de entrega dos traballos e informes de seguimento, así como as datas de defensa dos traballos de acordo co calendario académico.
- Resolver as incidencias graves relativas a esta materia.

A Comisión Académica poderá asignar aos seus membros tarefas específicas para acadar estas finalidades.

Capítulo III: Matrícula e convocatorias

10º.- A matrícula do TFM realizarase dentro do prazo xeral de matrícula que estableza a Universidade, mediante o aboamento dos prezos públicos que correspondan

conforme aos créditos que teña asignados e conxuntamente coas materias que o alumnado teña pendente de superar para completar os estudos de máster, se é o caso.

11º.- Os alumnos e alumnas de intercambio poderán matricularse desta materia. O seu réxime será o establecido no *Regulamento de Intercambios da USC*.

12º.- A matrícula dará dereito á entrega e defensa do traballo en dúas oportunidades no curso no que estea matriculado e reportará os prezos públicos establecidos, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

13º.- Os TFM entregados só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título, salvo os correspondentes aos propios traballos.

A Comisión Académica deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa defensa. Para estes efectos, no caso de que na data de defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de avaliación das materias, a secretaría da Facultade solicitará do profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia defender os traballos na mesma convocatoria.

14º.- A Comisión Académica do máster, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, concretará as datas para a celebración da defensa dos TFM nos intervalos temporais que fixe o calendario académico. Tamén deberá establecer as modalidades de defensa admitidas en cada caso, os instrumentos de seguimento e os criterios xerais de avaliación

Os traballos deberán entregarse nos períodos fixados polo calendario académico anual.

15º.- O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de dúas, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. A obtención de *non presentado* nalgunha das oportunidades ou en todas computarase para os efectos de consumir convocatoria.

Para poder presentarse a unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

16º.- Unha vez formalizada a matrícula, non procederá a devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse. No suposto de que o estudante non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática, polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria.

Capítulo IV: Da titoría docente, da súa asignación e da elección do tema do traballo.

17º.- Cada TFM estará asesorado por un titor ou titora, que asista aos estudantes e que formará parte do profesorado do máster. No caso de que o tema así o requirise podería establecerse unha cotitoría con ata dous membros máis.

18º.- A Comisión Académica velará pola dispoñibilidade de titores para os TFM en cada curso, e pola súa asignación aos estudantes antes do comezo do segundo semestre, ou no primeiro no caso de presentación na oportunidade de xaneiro/ febreiro.

O titor ou titora será ordinariamente Persoal Docente e Investigador (PDI) das áreas que impartan docencia na propia titulación. Procurarase que todo o profesorado participe en tarefas de titorización de TFM. Ningún profesor ou profesora ten obriga de titorizar máis de dous TFM simultaneamente.

19º.- Excepcionalmente tamén poderán colaborar en réxime de cotitoría profesionais relacionados co tema obxecto do proxecto, colaboradores no Prácticum ou outros profesores da USC en activo, eméritos ou ad honorem, previa comunicación á Comisión Académica e á Vicerreitoría con competencias na materia a través do servizo correspondente.

20º.- En cada curso, antes de Nadal, o alumnado seráconvocado a unha reunión na que terá que elixir titor ou titora co que acordará o proxecto a desenvolver como TFM. Nesa reunión daranse a coñecer as liñas de investigación do profesorado, que permitan a cada estudante elixir o tema concreto que estea máis acorde cos seus intereses. O estudante acordará co seu titor ou titora o título e o enfoque do traballo.

21º.- O titor ou titora programará sesións de traballo cos estudantes, nas que establecerá o calendario das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor a cada estudante as características do traballo, de orientalo no seu desenvolvemento e de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento no prazo que estableza a Comisión Académica antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teña en conta polo Tribunal avaliador.

22º.- O recoñecemento dos labores de titorización e avaliación do TFM farase nos termos previstos anualmente na *Normativa de Programación Académica Anual* da USC.

Capítulo V: Tribunal de avaliación.

23º.- Os Tribunais que xulguen os TFM do máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza serán designados pola súa Comisión Académica atendendo ás temáticas e dispoñibilidade. Os membros dos tribunais serán PDI da titulación. Procurarase que en cada tribunal estea presente un profesor ou profesora con coñecemento experto no tema.

24º.- Cada Tribunal estará formado por tres membros e un suplente que substituirá, de ser o caso, ao membro ausente. Os titores ou titoras dos traballos avaliados non poderán formar parte dos Tribunais. A participación nos Tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada. Poderá constituírse un Tribunal único para a avaliación dos traballos da mesma convocatoria.

25º.- Como norma xeral cada Tribunal será presidido polo profesor ou profesora de máis categoría docente e antigüidade, e actuará de secretario ou secretaria quen teña menor categoría docente, antigüidade e idade. A presidencia e secretaría de cada Tribunal exercerase como tal en todas as actuacións. Procurarase que a participación dos membros dos Tribunais sexa rotatoria.

No caso de que o tema do TFM pertencese ao campo específico de investigación dun determinado docente sen as condicións do parágrafo anterior, poderá propoñerse que presida o Tribunal.

26º.- O Tribunal poderá invitar ás deliberacións ao titor ou titora do traballo e, no seu caso, ao profesorado especialista na temática do traballo que se estea a avaliar, en calidade de asesores, con voz pero sen voto.

27º.- A cualificación farase pública nos taboleiros de anuncios establecidos para tal fin na Facultade, nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

Capítulo VI: Entrega e defensa dos Traballos Fin de Máster

28º.- O TFM será entregado no prazo designado ao efecto ao coordinador ou coordinadora, ou membros da Comisión Académica designados a tal fin.

Terán que entregarse tres exemplares en papel e un en formato dixital, conforme as normas de estilo autorizadas ou recomendadas pola Comisión Académica. Así mesmo, o alumnado deberá subir un PDF do traballo á plataforma virtual habilitada para estes efectos a través da súa secretaría virtual, imprimir a solicitude de defensa e entregala, xunto cos exemplares, no lugar determinado para iso.

29º.- A defensa do traballo requirirá o informe previo e preceptivo do titor ao que se fai referencia no apartado 21º.

30º.- Os TFM poderán ser presentados para a súa defensa nos meses de xaneiro/febreiro, xuño/xullo e setembro.

31º.- O TFM requirirá sempre de presentación e defensa pública, que deberá ser realizada polo estudante de xeito presencial. Non obstante o anterior, para casos excepcionais debidamente autorizados pola Comisión Académica, poderá realizarse a defensa por medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

32º.- Como norma xeral, cada estudante disporá de vinte minutos para a defensa presentación do seu traballo, podendo ter dereito a outros vinte para responder ás suxestións do Tribunal. Porén, cada Tribunal pode alongar estes prazos dependendo do tema e das circunstancias propias de cada TFM. O estudante poderá solicitar ao decanato aqueles medios técnicos de que se dispoña no Centro para facilitar a exposición oral.

33º.- A elaboración e defensa do traballo poderanse efectuar en calquera das linguas que se utilizaron na impartición do máster conforme ao disposto na memoria de verificación do título, sempre que se poidan establecer tribunais competentes nas devanditas linguas. En todo caso, garantirase o dereito a elaborar e defender os traballos en calquera das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

Capítulo VII: Avaliación, cualificación e revisión dos traballos

34º.- A cualificación dos traballos realizarase conforme aos criterios establecidos na guía docente da materia, que estarán vinculados á consecución das competencias da titulación e das competencias transversais. En todo caso, a nota final queda distribuída nos seguintes apartados.

- Traballo escrito, ata 7 puntos.
- Exposición oral, ata 3 puntos.

O Tribunal estimará a orixinalidade, medios utilizados e rigor científico na elaboración do traballo. Na exposición oral valorarase a claridade e elocuencia, e a argumentación e recursos no debate cos membros do Tribunal.

O informe do titor ou titora abrirase no momento da deliberación que estime oportuno o Tribunal e será custodiado polo seu Presidente ata o final do período de reclamacións.

35º.- O tribunal deliberará sobre a cualificación en correspondencia cos criterios de avaliación publicados na guía docente e axustado ao disposto na memoria de verificación do título, outorgando a cualificación conforme á seguinte escala numérica, de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa:

- Non Presentado (NP)
- 0 - 4,9: Suspenso (SS).
- 5,0 - 6,9: Aprobado (AP).
- 7,0 - 8,9: Notable (NT).
- 9,0 - 10: Sobresaliente (SB)

A cualificación máxima de 10 só pode ser outorgada por unanimidade; para o resto das cualificacións abonda cun acordo de maioría. No caso de que as puntuacións estimadas sexan diferentes, a cualificación será o resultado da nota media das puntaxes outorgadas por cada membro do Tribunal.

A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado na materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnos é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico. No caso de que se constituíse un Tribunal Único para todas as convocatorias, será este o que outorgue as matrículas de honra que correspondan. Noutro caso, a atribución desta cualificación corresponderalle á Comisión Académica, oídas as propostas dos diferentes tribunais.

36º.- O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. Para estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do Tribunal. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante documento asinado por ambas partes.

O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa á avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

Capítulo VIII: Xestión das actas

37º.- Elaborarase unha acta individual por cada estudante e traballo e para cada oportunidade na que constarán o titor académico ou cotitores, o Tribunal cualificador e o título de traballo defendido, así como a súa cualificación e a data de defensa. As actas estarán asinadas polos membros do Tribunal. En caso de imposibilidade de asinar a acta por algún dos membros avaliadores, esta circunstancia porase en coñecemento da Secretaría Xeral, que procederá a autorizar a sinatura da acta polo coordinador ou coordinadora dos TFM. No caso de imposibilidade deste, substituirase polo profesor ou profesora que designe a Secretaría Xeral. En todos os casos farase constar a dita incidencia.

38º.- Os períodos de cobertura de actas serán os que se fixen no calendario académico oficial.

39º.- Finalizado o período de defensa dos TFM en cada curso académico, xerarase de xeito automático unha acta consolidada (acta final) para a materia Traballo Fin de Máster, que conterá a todo o alumnado matriculado na materia coas cualificacións que en cada caso lles corresponda polas actas individuais, non presentados, mencións e as cualificacións obtidas polos alumnos de intercambio. Esta acta será asinada polo coordinador ou coordinadora dos TFM.

40º.- O alumnado matriculado que non se presentase en ningunha das oportunidades, figurará na acta consolidada coa mención “non presentado”. Nesta edición da acta tamén se incorporarán as mencións de “matrícula de honra” conforme o establecido no apartado anterior.

Capítulo IX: Dereitos do alumnado

41º.- A propiedade intelectual dos traballos correspóndelle ao estudante que o realizou.

42º.- No caso de que os traballos se realicen no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade ou, de ser o caso, dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos serán os recollidos no dito contrato ou convenio ou os que se pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

43º.- Unha copia en formato electrónico dos traballos superados quedará depositada na Facultade para o seu arquivo e consulta, e poderá ser utilizada na Universidade de Santiago de Compostela para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos seus autores. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo inédito.

44º.- A Comisión Académica poderá propor a publicación dos TFM que destaquen pola súa calidade no repositorio institucional da USC (Minerva), e en especial propoñeranse os dos alumnos e alumnas que acaden a mención de matrícula de honra nesta materia. Os autores dos traballos propostos, co visto e prace do titor, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no que declaren que se trata dun traballo orixinal.

Capítulo X: Deberes do alumnado

45º.- Os TFM deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización.

46º.- O incumprimento do indicado no apartado anterior suporá a cualificación de “suspenso” na convocatoria e o deber do titor ou titora e do tribunal que o detecte de poñelo en coñecemento da Reitoría a efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co indicado na *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*.

47º.- Con carácter previo á autorización da defensa, poderá realizarse unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos de propiedade intelectual. A partir desa análise, se a Comisión Académica considera que se vulneraron os citados dereitos, poderá denegar a defensa do traballo e aplicarase o indicado no parágrafo anterior.

Capítulo XI. Entrada en vigor

O presente Regulamento entrará en vigor no curso 2017-2018, unha vez que sexa aprobado polo Consello de Goberno e tras a súa publicación no taboleiro electrónico da USC.